

LINGUA GALEGA E EMIGRACIÓN AMERICANA (1916-1936)

Henrique Monteagudo
Instituto da Lingua Galega
(Universidade de Santiago de Compostela)

DOI: [10.17075/iftpc.2021.011](https://doi.org/10.17075/iftpc.2021.011)

A intención inicial do autor era presentar no congreso *Nacionalismo galego e diáspora (1916-1936)* unha panorámica xeral dos procesos, as prácticas e as representacións sociolingüísticas relacionados co idioma galego nas colectividade emigrantes de América e nas respectivas sociedades de acollida no período considerado, e do impacto que as ideas e iniciativas das Irmandades da Fala puidesen ter acadado nese ámbito. Non obstante, como se irá vendo ao longo deste contributo, pese a que existen achegas moi importantes sobre algúns aspectos das devanditas cuestións, non estamos aínda en condicións de ofrecer unha visión xeral. Por outra parte, o lema do congreso impón un marco temporal –o período 1916-1936– durante o cal Bos Aires constituíu o destino principal da corrente migratoria galega. Para esas coordenadas de espazo e tempo dispoñemos dunha valiosa contribución de Xosé M. Núñez Seixas (2002), que ofrece unha visión moi completa de varios dos puntos máis importantes do noso asunto. Para superar ese traballo cumpriría unha nova pescuda de longo alcance, mentres que, por outra banda, non tería sentido reiterar o aí estudado.

Á vista das devanditas consideracións, o que imos propor aquí é botar un pouco máis de luz sobre algunhas cuestións xa consideradas no traballo amentado e reconsiderar outras desde unha óptica máis estritamente sociolingüística. Xa que logo, o foco da nosa atención vai estar na colectividade galega da capital porteña durante as dúas décadas en estudo. Pero non teremos reparo en sobordar eses límites para ampliarmos a nosa visión, sexa para termos en conta datos, experiencias ou resultados doutras colectividade próximas (a emigración galega no Uruguai, por exemplo), sexa para remontármonos a precedentes ou levarmos de conta consecuentes que estimemos relevantes.

Nese senso, cómpre lembrar que a puxanza do movemento migratorio na capital do Prata corresponde ás cinco décadas que van de 1880 a 1930, o perío-

do crucial de conformación da colectividade que Núñez Seixas (2001) denominou «a Galicia austral», que tivo como capital Bos Aires e como segunda referencia Montevideo. Secomasí, non se pode esquecer que foi nas dúas décadas posteriores a 1940 cando a colectividade galega do Prata viviu, no aspecto sociolingüístico e cultural, unha experiencia histórica semellante –con inevitables diferenzas– á da Galicia das Irmandades da Fala. Ao longo das dúas décadas que viron o abrollar do nacionalismo na Galicia europea, na Galicia austral puxéronse en marcha os procesos que agromarían nos dous decenios de posguerra, 1940-60, cando Bos Aires se converteu na capital da cultura galega. Entremedias, ocorreu a guerra civil de 1936-1939, que en Galicia tronzo de raíz o proceso iniciado en 1916, ao tempo que na emigración porteña provocou unha mudanza radical das dinámicas políticas e culturais da colectividade.

Na abordaxe da cuestión que nos ocupa desde a perspectiva da historia social da lingua cómpre distinguir dous planos, que, unha vez analizados separadamente, deben ser considerados nas súas interrelacións: o da «masa» da colectividade e o das «elites», sexan estas entendidas como grupos dirixentes ou con aspiracións de selo, ou ben como vangardas políticas ou culturais. No que atinxe ás cuestións identitarias, culturais e lingüísticas, as segundas teñen concitado bastante máis atención dos investigadores ca as primeiras. Así, existen bos traballos sobre distintos aspectos do nacionalismo e do activismo político en xeral, e moi en concreto sobre o florecemento das letras galegas en América, quer nas publicacións da prensa da emigración ou o exilio, quer no ámbito da creación literaria, e igualmente sobre todo o relacionado co pensamento, a acción e a obra de persoeiros que dunha ou outra maneira protagonizaron o galeguismo en Bos Aires, como Castelao, Eduardo Blanco Amor ou Luís Seoane. Con todo, sería de desexar unha pescuda máis sistemática e detida sobre as ideas, as prácticas e as actitudes lingüísticas das elites non só político-culturais, senón tamén socioeconómicas.

En relación coa masa da colectividade, sobre a que existen excelentes traballos na perspectiva dos estudos migratorios, a análise dos aspectos sociolingüísticos

beneficiase de achegas moi valiosas. Pola contra, falta unha consideración máis demorada na perspectiva da historia social da lingua das publicacións e as representacións teatrais en galego no Bos Aires anterior á guerra, así como da lingua destas e mais das cartas dos emigrantes. Unhas e outras son merecentes de estudos en profundidade, para os que os novos enfoques da lingüística da emigración e da hibridación poderán ser especialmente iluminadores (Gugenberger 2018). Por outra banda, ata agora está case sen estudar o impacto da emigración nas dinámicas sociolingüísticas na propia Galicia, un tema moi importante e practicamente inédito (Monteagudo 2019).

Como é obvio, sería temerario tentar abranguer todos estes temas na presente ocasión, de maneira que imos limitarnos a poñer o foco sobre algúns aspectos das representacións, prácticas e actitudes lingüísticas da colectividade galega en Bos Aires, incluíndo os procesos de asimilación e mantemento ou abandono do idioma galego e os factores de diverso tipo que favoreceron eses procesos, e con atención especial ao testemuño que ofrecen os sainetes daquel tempo.

1. GALEGOS EN BOS AIRES: DA ALDEA MONOLINGÜE Á CAPITAL POLÍGLOTA

Comezaremos por presentar unha panorámica xeral do impacto da emigración na evolución da lingua na primeira metade do século XX. Como é sabido, nas raíces deste fenómeno están, por unha banda, a crise da economía galega a mediados do século XIX e, por outra, a rápida incorporación de Galicia ao novo mercado transatlántico de man de obra, que se ampliou extraordinariamente na segunda metade do século XIX e ao longo da primeira metade do XX (Villares e Fernández 1996: 13-59; Vázquez González 2001; Villares 2014: 253-300 e 313-346). A combinación de ambos os factores provocou o pulo dunha importante corrente migratoria que, con altibaixos, se mantivo en boa parte do período de entre 1850 e 1960, con América como destino preferente. Entre un millón e

medio e dous millóns de galegos desprazáronse ata alí e máis da metade deles radicáronse alá de xeito definitivo. Estas cifras supoñen algo máis da metade do conxunto da emigración española nese período e máis da metade da poboación residente en Galicia hoxe en día. A emigración galega dirixiuse en maior medida cara a dúas áreas, que foron Cuba, principal destino ata comezos do século XX, e o Río da Prata –sobre todo, a cidade de Bos Aires–, en dúas vagadas sucesivas: a primeira a partir de 1880 e, en especial, nas tres primeiras décadas do século XX; a segunda desde despois da Segunda Guerra Mundial ata aproximadamente 1960 (Vázquez González 2013; Núñez Seixas 2007a e 2013). Dado o marco cronolóxico en que nos movemos, a primeira é a que vai interesar nas páxinas que veñen a seguir.

Para avaliarmos o impacto do fenómeno da emigración na evolución socio-lingüística de Galicia temos que ter en conta os fluxos de saída e os de retorno. Sen dúbida, os de saída contribuíron a reducir o monolingüismo en galego e os de retorno puideron contribuír ao incremento do bilingüismo, que talvez sería de dominancia galega nas tres primeiras décadas do século e de dominancia castelá nas décadas seguintes. É claro que, durante todo o conxunto do período, a poboación non urbana de Galicia, que foi a que nutriu o grosu do fluxo migratorio, se mantivo monolingüe en galego de xeito practicamente uniforme. Así, as porcentaxes de monolingüismo en galego dos avós das persoas entrevistadas en 1992 oscilan entre o 81,2 % dos residentes en vilas de mediano tamaño e o 94,5 % dos residentes no hábitat máis rural (Seminario de Sociolingüística da RAG 1995: 122). A importancia das saídas masivas cara á América de fala castelá estriba en primeiro lugar en que contribuíron a debilitar a base demográfica e social da comunidade galegofalante, deteriorando asemade o principal nicho ecolóxico da lingua galega: o hábitat agrario e mariñeiro, que aínda a comezos do século XX gozaba dun notable dinamismo socioeconómico e mantiña unha cultura propia moi viva expresada fundamentalmente en galego.

Canto ao impacto do retorno, segundo os datos do *Mapa Sociolingüístico de Galicia* de 1992 o conxunto de emigrantes retornados que residían en Galicia

naquel ano supuña nada menos que o 21,9 % do total da mostra, isto é, uns 8500 informantes. Trátase dunha submostra moi potente pero, por razóns cronolóxicas, nela están máis representados os emigrantes retornados a partir de 1960 e, sobre todo, de 1970, é dicir, basicamente emigrantes a España e a Europa, e menos a América. De todos os xeitos, as cifras suxiren unha interesante aproximación. Segundo eses datos, o 89,5 % dos emigrantes retornados que se asentaran no medio rural son, unha vez voltos a Galicia, galegofalantes habituais, monolingües ou bilingües, fronte ao 49,7 % de galegofalantes habituais entre os que se reinstalaran no medio urbano (Seminario de Sociolingüística da RAG 1995: 55).

Durante o período de auge do fenómeno migratorio a América, Galicia estaba habitada por unha esmagadora maioría de labregos que vivían espallados en milleiros de diminutas aldeas, lugares e casaríos. Aínda en 1940 a porcentaxe de poboación que residía no hábitat rural representaba o 81,9 % do total. A maioría dos emigrantes eran campesiños –e, en menor medida, campesiñas–; por tanto, non só galegofalantes, senón principalmente monolingües, pero a maior parte deles adquiriran un mínimo ou incluso un moderado nivel de alfabetización, sempre en castelán, como é evidente (Vázquez González 2002: 147; Núñez Seixas 2002: 213 e 2007a: 28 e 34). No contexto galego o seu status sociocultural de partida era modesto, pero non ínfimo; porén, en termos comparativos, no próspero país de acollida resultaba ser bastante máis cativo.

Con todo, a pesar da súa orixe maioritariamente rural, a emigración galega estableceuse en América de maneira case exclusiva no medio urbano. Así, os emigrantes chegados ao Río da Prata instaláronse de xeito preferente en Montevideo e, sobre todo, en Bos Aires e os seus arredores (Núñez Seixas 2007a e 2007b; Villares 2014: 477-479). En termos xerais, os inmigrantes galegos eran ben valorados como traballadores en certos ramos de actividade, como o servizo doméstico, os servizos públicos subalternos das cidades e o comercio, onde atinxeron unha visibilidade notable (Núñez Seixas 2002: 220-221 e 2007a: 31-36; Gugenberger 2011). O estereotipo do galego emigrante, de escasas luces, modos

rústicos e baixa condición social baséase precisamente na súa forte presenza nos oficios relacionados coas ditas actividades.

A influencia da veciñanza e das redes familiares na emigración axuda a explicar esa concentración galega na capital porteña, ou, mellor, en determinados barrios dela. Probablemente tamén axude a explicar esa radicación urbana o feito de que moitos emigrantes saían de Galicia coa expectativa de retornaren despois duns anos en América. Segundo cálculos recentes, na década de 1930 un 10 % dos habitantes da capital porteña, unhas 240 000 persoas, eran galegos –emigrantes de primeira xeración–, o que a convertía na urbe do mundo na que máis galegos vivían, pois naquel entón A Coruña e Vigo non superaban os 50 000 habitantes cada unha. Aqueles emigrantes, maioritariamente campesiños, atopábanse de súpeto no medio dunha das metrópoles máis vibrantes e cosmopolitas do planeta.

O carácter masivo da nosa emigración e a súa instalación no medio urbano constituíron un factor propicio para a creación dun denso tecido asociativo que, unido á forte endogamia –visto que sete de cada dez galegos de primeira xeración casaban cun cónxuxe da mesma orixe–, contribuíu decisivamente ao mantemento dunha marcada identidade etnocultural. De todos os xeitos, se se fai a comparación con grupos doutras orixes etnolingüísticas establecidos en América, compróbase que as comunidades que se illaron no medio rural tiveron máis probabilidade de manter a súa lingua, como mostran os casos dos galeses en Chubut ou dos pomeranos no sur do Brasil, entre outros moitos (Núñez Seixas 2002: 215).

2. AS CONDICIÓNS GLOTOPOLÍTICAS DA ARXENTINA NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX

A finais do século XIX a Arxentina pasa dunha etapa «crioula», posterior á independencia, a unha etapa «aluvial», caracterizada por un forte crecemento económico que alenta un rápido incremento demográfico alimentado por un intenso

movemento migratorio, no que destacaban os compoñentes italiano (o máis numeroso) e español, incluíndo nel aos galegos, que eran maioría. Foi así como o país pasou de menos de dous millóns de habitantes en 1869 a superar os once en 1930. Esta poboación estaba concentrada nas cidades, sobre todo na capital, o que explica que Bos Aires pasase de ter uns 432 000 habitantes en 1887 a alcanzar en 1936 case que os dous millóns e medio, dos que un 36 % eran estranxeiros e un 10 % galegos (Villares 2014: 475). Na primeira metade do século XX Bos Aires converteuse rapidamente nunha das grandes metrópoles do planeta. Esa metrópole contiña unha ampla diversidade étnica, pois, ademais do elevado número de italianos e españois que alí se estableceron, tamén acolleu moitos xudeus, eslavos e centroeuropeos. Xa que logo, o peso e a concentración da colectividade galega na Arxentina poderían terlle dado ao seu idioma unha posición de gran relevancia entre as linguas de migración. Pero a masiva presenza dos nosos emigrantes en Bos Aires non tivo un impacto proporcional no mantemento nin na presenza pública da súa lingua, polas razóns que decontado veremos.

Coa Constitución de 1853 sentáronse na Arxentina as bases dun réxime glotopolítico de monolingüismo estado-nacional, no que só se consideraban cidadáns de pleno dereito os *criollos* castelanfalantes, excluindo indios e inmigrantes. A diversidade lingüística e cultural era vista como un problema, por canto puña en cuestión a propia lexitimidade da nacionalidade arxentina, de maneira que as políticas terán unha orientación nacionalista «patriótica», co obxectivo de conseguir a plena homoxeneización lingüística e cultural do conxunto da poboación (Banfi 2017: 60-78; Vázquez Villanueva 1997: 131 e 2006: 102). Así, a realidade multilingüe da sociedade arxentina foi negada e combatida de xeito progresivamente coercitivo. A intensificación do fenómeno migratorio nas décadas finais do século XIX e sobre todo nas primeiras do XX favoreceu a percepción da ameaza que este podía supor para o mantemento da identidade nacional, o que provocou unha endurecemento das políticas gobernamentais nacionalizadoras (Bertoni 2001: 173-211).

Nesta dirección fóronse formulando unha serie de leis e regulacións orientadas a impoñer o castelán como lingua única da cidadanía e como ferramenta de protección e reforzamento da identidade arxentina fronte a unha suposta ameaza estranxeira (Vázquez Villanueva: 2006). Así, ao longo do século XX fóronse implementando restricións e prohibicións tendentes a garantir a exclusividade do castelán no ámbito educativo, na vida pública e nos medios de comunicación. En definitiva, impúxose unha «representación sociolingüística de “la Argentina, país monolingüe”», unha representación que ocultaba a realidade multilingüe do país, un «silencio acerca de linguas realmente existentes» que «es una forma de representación sociolingüística y, por lo tanto, una representación de la realidad social» (Narvaja de Arnoux e Bein 1997: 9). Malia todo, Bos Aires mantívose como unha cidade plurilingüe, onde, desde os comezos do século XX, ao poliglotismo dos ricos se sumaba o multilingüismo dunha migración pobre e anónima que gañaba terreo nos arrabaldes da cidade (Di Tullio 2003: 90). O sainete porteño, un xénero teatral que atinxiu gran popularidade nas tres primeiras décadas do século –pero que máis tarde foi eclipsado pola radio e o cinema–, ofrece un testemuño elocuente desa pluralidade lingüística da cidade, como decontado veremos.

3. LINGUA E IDENTIDADE NA COLECTIVIDADE INMIGRANTE. ASIMILACIÓN E ABANDONO

A importancia da emigración na configuración da Arxentina explica a notable tradición de estudo das linguas e das comunidades lingüísticas de inmigración nese país (Fontanella de Weinberg 1979 e 1991), que contrasta coa menor atención prestada aos procesos de mantemento ou asimilación lingüístico-cultural que se produciron na nutrida colectividade galega (Sinner 2016). As achegas específicas máis importantes sobre esta, realizadas nos anos oitenta e noventa e centradas no Uruguai, país cunha situación semellante á da Arxentina, débense

a Graciela Barrios e Rita Rivero (1997), mentres que Xosé Manoel Núñez Seixas realizou un interesante estudo dos procesos sociolingüísticos na colectividade galega da Arxentina entre 1880 e 1940, isto é, basicamente atinxentes a emigrantes de primeira xeración da primeira vagada migratoria (2002: 209-243). Para etapas posteriores cómpre citar as achegas de Eva Gugenberger (2000, 2001, 2004a, 2004b, 2011 e 2018; Gugenberger e Soto Andión 2002; véxase tamén Soto Andión 2004) e, recentemente, de Facundo Reyna (2014, 2015a e 2015b) e de Monteagudo e Reyna (2017 e 2020). Ademais, nun plano máis xeral, é obrigado ter en conta, entre outros, os traballos de Núñez Seixas e Ramón Villares, dos galego-arxentinos Ruy Farías e María Rosa Lojo e do galego-uruguaio Carlos Zubillaga, conforme se segue das referencias que se ofrecen ao longo desta contribución.

Botando man das ditas achegas sabemos que, a pesar de que a colectividade galega foi fortemente endogámica, a ruptura da cadea de transmisión interxeracional da lingua foi rápida e xeral, mentres que o abandono do uso do galego por parte dos integrantes das primeiras xeracións foi máis lento e desigual, xa que estes o retiveron nas redes relacionais cos paisanos en ámbitos específicos, tales como as asociación locais e as actividades promovidas por estas. Alén diso, os devanditos estudos sinalan que entre os factores que propiciaron o abandono da lingua foi decisiva a condición previa do galego como lingua estigmatizada e minorizada na súa terra de orixe, á que, por outra banda, nos lugares de acollida, nomeadamente a metrópole porteña, se asociaba tamén un escaso prestixio, vencellado co baixo status sociocultural dos seus falantes (Gugenberger 2000: 47 e 2011: 128-129; Núñez Seixas 2002; Lojo 2015).

O lingüista español Amado Alonso anotou na súa obra *El problema de la lengua en América*, publicada en 1935, que moitos da millenta de emigrantes galegos que pululaban por Bos Aires «viñeron aprender o español aquí», xa que «ao chegar só o coñecían de modo deficiente» (citado *apud* Lojo 2015). En efecto, moitos daqueles emigrantes ao chegaren eran practicamente monolingües en galego e tiñan un dominio moi imperfecto do castelán na fala –e, os que sabían

escribir, na escrita—. Pero o dominio do castelán porteño tiña para os inmigrantes unha función discriminante, por canto o coñecemento e utilización fluídos da lingua hexemónica do país constituían unha precondition necesaria para conseguir a promoción social. Deste xeito, os galegos recentemente arribados a Bos Aires volvían estar expostos ao mesmo tipo de presión sociolingüística, desvalorizadora do seu idioma e favorecedora do castelán, que sufrían na súa Galicia natal. A resposta da gran maioría foi procurar a asimilación lingüística deles propios e, no caso de que a tivesen, da súa descendencia.

Por outra parte, tendo en conta o seu status social inferior e o seu ínfimo nivel cultural en comparanza coa media da sociedade de acollida, comprendido neste o seu pobre manexo das prácticas e convencións dunha comunidade urbana altamente sofisticada, xurdiron estereotipacións negativas, que de xeito inevitable incluían o seu castelán inzado de interferencias do galego, nas cales se apoiaron fortes prexuízos estigmatizantes (Fernández 1999, Lojo 2008). Núñez Seixas (2002: 70-71 e 81-82) sostén que estes preconceitos non foron máis marcados ca os sufridos por outros colectivos, como os xudeus ou os italianos, pero parece que moitos galegos os percibían como especialmente magoantes (Gugenberger 2011). A actitude desdeñosa dos nativos era sentida polos galegos como «unha prolongación da síndrome de aldraxe» que xa padeceran no seu país de orixe, o que explicaría a singularidade do prexuízo antigalego comparado co sufrido por outros colectivos. Alén disto, como sinala Núñez Seixas,

probablemente, os galegos foron o único grupo étnico inmigrante que se sentiu agraviado e desprezado colectivamente por partida dobre: tanto por arxentinos [...] como polo resto dos seus teóricos compatrianos españois, establecéndose deste xeito unha certa liña de continuidade entre os sentimentos de agravio xerados en Europa [...] e mais os experimentados no novo continente. (2002: 82; véxanse tamén as pp. 126-131)

De aí o fenómeno de ocultación da identidade orixinaria e a tendencia a repregarse baixo unha identidade española máis prestixiosa na procura dun arelado

éxito no ascenso social, un fenómeno orientado á plena integración mediante a posta en práctica de estratexias de asimilación lingüístico-cultural que a garantisen da forma o máis rápida e completa posible. Foi así como se forxou o que a investigadora galego-arxentina María Rosa Lojo (2015) denominou unha «cripto-identidade», isto é, unha identidade grupal que se mantivo e se manifestaba cara a dentro, no endogrupo, pero que se ocultaba cara a fóra, cara ao exogrupo. A asimilación non só se entendeu como incorporación do castelán ao seu repertorio e ás súas prácticas lingüísticas, senón tamén como abandono do galego, nunha primeira fase nas relacións co exogrupo e na transmisión interxeracional, manténdoo exclusivamente no ámbito privado nas relacións endogrupais entre iguais; e nunha segunda fase –que se corresponde grosso modo coa segunda xeración– en todos os contextos de uso, conservándose tan só unha certa competencia receptiva, que case sempre acaba por desaparecer na terceira xeración. No que vén a continuación imos seguir a pista de aspectos significativos destes procesos a través de tres tipos de testemuños: o sainete porteño, as cartas dos emigrantes e as entrevistas persoais.

4. PRÁCTICAS, REPRESENTACIÓNS E ACTITUDES LINGÜÍSTICAS NO SAINETE PORTEÑO

O teatro popular porteño viviu nas dúas primeiras décadas do século XX un momento de auténtico esplendor, que logo, a partir de 1930, se íría apagando por causa da competencia da radio e do cinema (Guidotti 2008). Nas comedias e sainetes daquela época aparecen representados con moita frecuencia os emigrantes galegos. A imaxe deles que se ofrece nestas pezas fornece algunhas pistas interesantes sobre as súas actitudes e prácticas lingüísticas e sobre o propio proceso de asimilación. Como é evidente, trátase dun testemuño que hai que interpretar con extrema cautela, pois está condicionado tanto pola perspectiva e as intencións dos autores como polas convencións do xénero *chico*, xa que os

personaxes galegos respondían a estereotipos moi marcados e tiñan asignados uns roles moi definidos. E, naturalmente, cómpre ter en conta que os autores, no mellor dos casos, tiñan un coñecemento moi superficial do idioma galego e, alén diso, se contentaban con ofrecer uns poucos trazos indexicais, que lle permitisen ao público recoñecer que determinado personaxe correspondía a certos estereotipos, tales como o galego de baixa categoría social que mal daba falado castelán, as galegas que falaban galego entre elas... A pesar disto, como decontado veremos, os nosos emigrantes aparecen nestas pezas en posicións sociais diversas: moitos deles atópanse nos chanzos inferiores da sociedade porteña —*changadores, mucamas, camareiros, recadeiros...*—, pero tamén se representan outros que conseguiran unha situación social acomodada.

A caracterización destes personaxes, sempre de trazo grosso e mediante liñas tópicas, é ás veces neutra ou incluso positiva, pero con moita máis frecuencia é caricaturesca: o galego brután e escaso de luces pero boa persoa; inxenuo e desconfiado pero espelido; avaro pero nobre... O que é claro é que o personaxe do emigrante galego —home ou muller, nas súas distintas posicións sociais— se fixo un clásico da escena popular bonaerense e aparecía con moita frecuencia caracterizado pola súa fala cuns trazos indexicais que se reiteran de xeito constante (Núñez Seixas 2002: 64-79): caótica confusión de *gues* [g] e *jotas* [x], coas seguintes gheada e gueada; vacilacións no vocalismo átono, reinterpretación do [o] pechado como [u] e do [e] pechado como [i] (*Pontivedra, señorito*), especialmente en posición átona final (*tonu, puntu; qui li importa?*); emprego do sufixo *-iño*, énclise do pronome...

Mesmamente, como sinala Núñez Seixas, a partir de mediados da segunda década do século XX se chegou a conseguir retratar con certa fidelidade a fala dos galegofalantes monolingües cando se ven forzados a valerse do idioma castelán, pois «os autores tiñan modelos vivos nos que inspirárense, o que varios fixeron, demostrando un indubidábel ouvido» (2002: 67-68). Deste xeito, durante as primeiras décadas do século XX callou un estereotipo do galego (incluíndo o aspecto físico: cabeza cadrada, cellas pechadas etc.) que facía rir

pola súa ignorancia, a súa inxenuidade e os seus erros lingüísticos. Un estereotipo negativo dos/as galegos/as vexatorio, amplamente explotado no teatro satírico e nos medios de comunicación pública, nos cales, como afirma X. M. Núñez Seixas, «polo xeral, o recurso cómico referido ós galegos [o constituían] os seus tropezos lingüísticos co español –exemplificados na *gheada*–». Esta imaxe pexorativa reforzou a disposición dos galegos para «adaptarse deseguido».

Os aspectos relacionados coa representación sociocultural do emigrante no imaxinario arxentino foron xa ben estudados (Guidotti 2008), mentres que os de carácter sociolingüístico foron obxecto dunha valiosa achega de Núñez Seixas, que acabamos de citar, pero continúan sendo merecentes de análise. Un interesante mostrario de personaxes galegos en sainetes porteños da época pode colixirse da antoloxía que se ofrece como apéndice no volume coordinado por María Rosa Lojo, que reproduce cinco pezas dese tipo (2008: 279-410). O espazo web do Iberoamerikanische Institut de Berlín, na serie «Revistas teatrales y novelas cortas argentinas» da sección de coleccións dixitais, ofrece acceso libre a unha nutrida colección deste tipo de materiais¹.

Pola nosa banda, imos realizar unha primeira análise dun par de exemplos que nos parecen especialmente salientables, que agardemos que sirva para mostrar que unha pescuda exhaustiva e sistemática podería ofrecer resultados de non escasa relevancia. As dúas pezas que estudaremos saen da tendencia xeral que acabamos de caracterizar, isto é, a clara preferencia por representar galegos de baixa extracción social aos que se asocian trazos estigmatizantes. Pola contra, en ambas as dúas imos atopar representados galegos que ascenderon socialmente, de xeito que a caracterización lingüística é máis rica e matizada, e por iso mesmo máis interesante, como tentaremos mostrar.

Un dos sainetes da época máis notables canto ao retrato que fai dos e das emigrantes galegos/as é *Farruco: comedia en tres actos de ambiente gallego*, de Alberto T. Weisbach (Fray Bentos, 18 de setembro de 1883-Montevideo, 25 de

¹ <https://digital.iai.spk-berlin.de/viewer/collections/argentinische-theater-und-romanzeitschriften/>.

setembro de 1929), dramaturgo uruguaio que fixo carreira nos escenarios da capital porteña e autor de trinta comedias, entre as cales varias con personaxes galegos (Guidotti 2008: 157). A devandita peza, que ten un interese extraordinario para o noso asunto, foi publicada en *La Escena. Revista teatral*, núm. 145, 1921, case simultaneamente coa súa estrea no Teatro Politeama Argentino o 26 de marzo do mesmo ano. Como sinala Guidotti, «el ascenso social y las conflictivas relaciones familiares están presentes en esta pieza profunda que no busca el entretenimiento fácil ni está estructurada sobre una comicidad grotesca basada en particularidades verbales o en situaciones disparatadas» (2008: 195). Pola súa parte, xa Núñez Seixas salientara o feito de que o autor reproduza «con grande fidelidade e sen abuso do recurso á gheada frases e construcións sintácticas propias dun idioma galego que o autor amosa coñecer moi ben», ao tempo que subliña a boa acollida da obra por parte da colectividade galega (2002: 73). Desta boa acollida dá testemuño Manuel Meilán, ao lembrar que a peza fora levada a escena en dúas ocasións polo grupo de teatro da Casa de Galicia de Montevideo no Teatro Solís (Samuelle Lamela 1993: 126-127).

A comedia pon en escena un conflito que estala no seo dunha familia acomodada de emigrantes galegos (Guidotti 2008: 173, 177-181). O groso da familia reside na capital e, plenamente incorporada á alta sociedade porteña, dedícase á boa vida: son a nai, Josefa, e os fillos Avelina e Maximino. O pai, Farruco, reside na Pampa, onde rexenta unha especie de almacén («Telleiro Hnos. Ferrertería, almacén y artículos rurales. Acopio de cereales»); na Pampa vive e traballa tamén o seu irmán Xan. Arredor de Josefa móvense outros personaxes de perfil parecido, como Casimiro, mentres que a afillada Mariíña vive con Josefa pero se sente afectiva e vitalmente próxima a Farruco. A criada da casa, Agripina, co seu mozo Ventura, representa os galegos que ocupan posicións subalternas. A acción da comedia arrinca no momento en que, despois de dez anos na Pampa privado de contacto coa familia por causa dos atrancos interpostos pola súa dona Josefa, Farruco decide regresar e instalarse de xeito definitivo no domicilio familiar, en canto agarda, na compañía do seu irmán Xan, a chegada desde Vigo do fillo

maior do matrimonio, Salvador, que non acompañara o resto da familia ao partir na aventura migratoria. A acción desenvólvese arredor da desavinza provocada por esta decisión do pai, que bate coa oposición férrea de Josefa e da súa filla Avelina, temerosas de que o brután de Farruco veña estragar a súa imaxe pública e erosionar a súa posición social.

O autor xoga con moita habilidade coa caracterización dos personaxes a través da lingua. Farruco e o tío Xan falan constantemente galego: «FARRUCO.- Teu pai non mente nunca, rapaza! [...] Que ben me fas, miña afillada! Así, así soñei que fora miña casiña!». A criada Agripina fala tamén en galego: «Pra onde irei agora! Acostumbrada con vosté... jalleja como eu y que xa non la tinia por patroña! Pra min vosté foi sempre una madre». Un *changador* que aparece de maneira fugaz en escena fala tamén galego («Non creia, señor. Está moi caro todo! E teño sete fillos!»), ao igual que o gaiteiro Silvestre, quen acaba de chegar de Galicia e que aparece fuxidamente:

TÍO XAN.- E vaiche ben?.

SILVESTRE.- Vaime. Xa mandei trinta duros pr'alá.

A presenza do galego na escena vén aínda salientada cando Mariíña, Farruco e Agripina dan en cantar coplas populares, ou cando a primeira, para recibir a Salvador á súa chegada a Bos Aires, exhibe un cartaz que reza «Ben chegado» e recita enteiro o poema rosaliano *Aires, airiños, aires*. Como se irá vendo nas citas que faremos nos parágrafos que veñen a seguir, aínda que a lingua que se pon nos beizos destes personaxes dista moito de ser un galego real e verdadeiro, pois está inzado de formas castelás e pseudogaleguismos, a intención de autor non é caricaturizar a fala dos personaxes como un castrapo, unha mestura de galego e castelán, senón poñer na súa boca un galego «escénico», recoñecible como tal polo público, sen preocuparse dunha corrección que malamente el podería conseguir e que tampouco sería apreciada por parte dos espectadores que non fosen galegos.

En troques, a fala doutros personaxes si que denuncia unha intención caricaturizante. É claramente o caso da nai, Josefa, que fala un castelán ao xeito peninsular, pero inzado de gueadas e gheadas: «A mí no me la dás. Tú vienes de las romerías. Enjañarme a mí, tú? Mi ahigada en quien tenjo depositada toda mi confianza». O seu propio fillo Maximino coméntalle a Mariíña: «A la vieja le conviene tener una gallega cerrada a su lao, como Agripina, porque así no se le notan a ella las *gues* y las *gotas*». A ridícula filla Avelina oscila entre o castelán peninsular que utiliza cando fala con Mariíña («A tí te hará reir semejante ridiculez! [...] Te sientes muy gallega, ahora...») e un porteño afectado, cando fala coas súas amigas, igual de ridículas ca ela: «Ay, chicas! las estaba esperando!», «Agarráte a Guallace pa vós, tonta!». O fillo Maximino, un lacazán que se dedica á boa vida, exprésase non só en castelán porteño, senón nun rexistro case xergal, inzado de expresións propias do lunfardo:

MAXIMINO.- ¿Pero, qué querés vós también? ¿No ves la hora que es? ¡Traé! La familia está en lo mejor del sueño. ¡Qué familia! ¡De noche, al biógrafo, de día atorran hasta la una; se levantan y a la calle! ¡Qué familia tengo yo! La suerte que estás vós en esta casa, que si fuera por la vieja y mi hermanita, ya podía uno morirse! Ellas, con tal de andar por ahí, ni de la comida se acuerdan. Bueno, para ellas se acuerdan. ¡Se van a lo de Harrods y se morfan tres té a la inglesa!

Casimiro, emigrante galego que conseguiu unha posición acomodada e vello amigo da familia –moi achegado a Josefa, xa que pretende a súa filla Avelina, co beneplácito da nai–, ostenta un castelán pretencioso: «Le noto a Vd., mi apreciada Lina, un tanto preocupada, si que también asaz abatida». Prototipo de emigrante renegado que ascendeu na escala social, evita o galego e, no seu castelán rebuscado, tamén a gheada, pero esta sáltalle ao beizos precisamente nun momento de tensión, cando é acusado de mal galego. Este trabucamento non deixa de ser notado polo tío Xan, que lle retruca de maneira enfática:

SALVADOR.- Lo único que hay que lamentar aquí es que sea usted gallego.

CASIMIRO.- Diga usted más bien, *casi* gallego. Nací navegando por el Miño y casi puede decirse que soy *portujés*.

XAN.- Se te escapó una jota! Pues sélo del todo! No queremos *casi gallejos*...!

Falando en xeral, a gheada e a gueada rexístranse abundantemente nos personaxes da primeira xeración de emigrantes, a gheada tanto falando en galego (Farruco, Xan, Agripina) como falando en castelán (Josefa) e a gueada só no castelán, pero nunca nos da segunda xeración. A leal afillada Mariíña fala con corrección o castelán peninsular («Tienes razón, no es para menos»), pero tamén sabe falar o galego, que emprega ocasionalmente co seu padriño Farruco: «Trá-tanse con xente que non lles quiere y lles dan malos consellos». E para recibir a Salvador, que vén de Vigo, alén de recitar o poema de Rosalía, como xa dixemos, escribe un cartel que pon: «Ben chegado».

Como se mostra na acusación de Salvador a Casimiro e mais no comentario sarcástico do tío Xan que acabamos de reproducir sobre o parágrafo anterior, as representacións do idioma e as actitudes que gobernan as prácticas lingüísticas dos personaxes son expresadas na obra con moita crueza, cos trazos grosos propios do xénero, pouco propicio para os matices. Vexamos algúns treitos de diálogo sobre o uso do galego entre Josefa e o seu marido Farruco, coa intervención da filla, Avelina:

JOSEFA.- ¿Por qué hablas así? Habla en castellano.

FARRUCO.- Non podo. Non lo he podido nunca. Xa sabes. Por outra parte, non queiro deixar de falar gallego. O falar que moitas ocasións fíxome pasar a morriña. A mais, é o falar nostro, Josefa!

JOSEFA.- Mío, lo fué, que no es lo mismo.

AVELINA.- El gallego es un lenguaje muy ordinario.

FARRUCO.- ¿Ordinario el gallego? No eres tú quen deba decirlo. Es tu idioma. As primeiras palabriñas que saleron de teus labeos, como o pío do paxariño, foron: «Pai e Nai».

AVELINA.- Pues es muy feo! Aquí los gallegos son porteros, mucamos y todos los oficios bajos.

FARRUCO.- Son oficeos humildes, pero traballos! E chámolos traballos, porque son honrados! E non gastes orgullo! Cando chegamos con tua nai a América, con vostedes pequenos, os dous fumos mucamos!

A asociación indexicalizada do galego cos grupos sociais subalternos faise patente, igual que se fai explícito o desexo de distanciamento inequívoco por parte dalgúns personaxes con respecto á identidade estigmatizada, vencellada ao status social de partida. As contraditorias opcións lingüísticas representan na obra a tensión entre dúas tendencias opostas, unha cara á asimilación na sociedade, a cultura e a identidade porteñas e outra cara ao mantemento da identidade galega, manifestadas cada unha delas en toda unha serie de aspectos do *habitus*: costumes, roupa, comida, maneiras...

O/a falante que non teme unha «mala interpretación» do uso da lingua do ingrupu ou a quen non lle produce inseguranza a posibilidade de que este uso «evoque» o seu status social de partida pode conseguir a integración lingüística e identitaria no (exo)grupo dominante sen necesariamente abandonar a identidade e a lingua de orixe (Giles, Bourhis e Taylor 1977: 336-338; Williams 1979; Giles e Coupland 1991: 60-157). Dito doutro xeito, cando o status social e cultural do falante está «fóra de dúbida» e, por tanto, este non sente a necesidade de camuflar a súa identidade orixinaria nin ten medo a que o uso da lingua do ingrupu sexa interpretado como incapacidade de manexar con corrección o idioma hexemónico, pode manter, de forma deliberada, a súa lingua e identidade orixinarias. O individuo e o grupo identitaria e lingüísticamente «seguros» reconfiguran e amplían os seus repertorios lingüístico-comunicativos para adaptárense ao(s) novo(s) contexto(s) buscando unha integración que ao tempo implique o recoñecemento da súa identidade específica nese(s) novo(s) contexto(s).

Por tanto, non se esforzan por ocultar ou abandonar a súa lingua e identidade de partida: amplían o seu repertorio, non o reducen. Pola contra, o individuo e o grupo «inseguros» son máis proclives á autoamputación, unha amputación que adoita ser drástica e brutal e pode rematar nun fracaso e ir acompañada de graves secuelas psicosociais, individuais ou colectivas (Fought 2006: 27-29; Lucchini 2009; O'Donnell Christoffersen e Shin 2018: 170).

Así, na comedia que estamos a analizar, o obxecto da censura implícita non é a integración nin os galegos que se integran na sociedade porteña (como pode ser o caso de Mariíña), senón a asimilación que vai acompañada do rexeitamento da identidade orixinaria e a renuncia á ela. Un diálogo entre o tío Xan e Casimiro, veciño de aldea en Galicia e compañeiro na emigración, pero que gañou un status social acomodado na urbe, expón a cuestión dun xeito directo, case brutal:

TÍO XAN.- (*A Casimiro*). Arredemus! ... Xa non coñeses a xente! Como che vai Barriños?

CASIMIRO.- Hola, don Juan Telleiro.

TÍO XAN.- O mesmo que viste e calza!

CASIMIRO.- Pues mira, no te habría reconocido.

TÍO XAN.- Pues eu, en canto te vin me dixen pra mi: este es Barriños. Falo mal?

CASIMIRO.- Me llamo Casimiro.

TÍO XAN.- Sí, lo sé! Pero alá n'aldea, como sempre metías a pata, en todo aquilo que che poñías, la embarrabas... ¡¡facías cada barro!! pues, los mozos te chamaban por mal nombre Barriños, non che recordas?

CASIMIRO.- Quién se acuerda de eso, ahora?

TÍO XAN.- Fálame en gallego, home!

CASIMIRO.- En gallego? Que fantesía! Le tengo ya olvidado.

TÍO XAN.- Lo olvidaches o tes reparos?

CASIMIRO.- Y si los tuviera, qué? Yo no debo nada a Galicia y el ser gallego en este país, donde con justicia se les aborrece, no me ha servido más que de obstáculos. No abre ninguna puerta y además... da sello de bruto.

TÍO XAN.- E con la fortuna que tes ajora, compraches sello de ilustre?

CASIMIRO.- Y qué crees tú?...

TÍO XAN.- Pra min, que sejrás siendo siempre o mesmo Barriños.

CASIMIRO.- Soy Casimiro!

TÍO XAN.- Eres... un gallejo renegado!

O que a obra suxire é que os galegos da capital tendían a asimilarse máis rapidamente ca os que residían no campo, e as mulleres antes ca os homes. Isto, no que toca aos que conseguían unha boa posición social. Mesmo así, aos emigrantes de primeira xeración non lles era doado ceibarse das gheadas e gueadas no seu castelán, en especial aos que permanecían nas clases subalternas. Por outra banda, na segunda xeración o abandono do galego era case completo, as gheadas e gueadas desaparecían e as mulleres tendían máis a manter o castelán peninsular, mentres que os homes adoptaban con maior rapidez o castelán porteño. A alternativa que de maneira implícita se propón na obra é a integración –non a asimilación– da emigración galega na sociedade da acollida, pero co mantemento da súa identidade –non o seu abandono–, compatible coa dita integración e plenamente recoñecida e respectada como tal. Non pode sorprender a boa acollida que a obra tivo nos sectores máis concienciados da colectividade galega, como xa sinalamos.

Pasamos agora a considerar outra peza de interese para o noso asunto. Trátase da comedia *Martorell, Magariños & Co* (Guidotti 2008: 175-176, reproducida en Lojo 2008: 281-321), estreada no Teatro Liceo en 1927. Nesta obra preséntanse dúas familias, unha delas catalá e a outra galega, que comparten unha vivenda. Cada familia ten seis membros, que corresponden a tres xeracións: as avoas (Rita catalá, Manuela galega), os matrimonios «nucleares» (Petrona e

Ramón, cataláns; Jesusa e Modesto, galegos) e tres fillos de distintas idades: os maiores son Miguel (catalán) e Cristina (galega), que están casados; os intermedios son Estrella (catalá) e Paco (galego), que se queren como irmáns, pois foron criados xuntos, pero están secretamente namorados; e os menores, Ramoncito e Modestito, amigos e estudantes. Os matrimonios chegaron ao mesmo tempo a Bos Aires e Ramón e Modesto son grandes amigos e socios dun negocio que lles permitiu ascender na sociedade. Pero a súa amizade está en crise por culpa das rivalidades entre as familias, alentadas por envexas cativas e enredos pataqueiros das avoas e as nais.

Indo ao que aquí nos interesa, os personaxes están definidos pola súa lingua. No caso da primeira e a segunda xeración, os galegos aparecen caracterizados pola gueada e a gheada; dos cataláns, só é caracterizado o pai, Ramón, que utiliza *-e* e *-es* en final de palabra. Na terceira xeración, xa non aparecen trazos lingüísticos caracterizadores nin de galegos nin de cataláns. Son moi interesantes as pistas que se ofrecen, con fina sutileza, do proceso de asimilación lingüística dos personaxes, a través da práctica do *tuteo* e o *voseo*. Xeneralizando, as avoas trátanse entre elas de *usted* e tratan os demais de *tú*; os pais varóns tamén se *tutean* entre si e tratan os fillos de *tú*; as nais trátanse entre elas de *usted*, pero a nai galega, Jesusa, trata os seus fillos de *tú*, mentres que a catalá Petrona emprega cos seus fillos o *vos*. Os irmáns maiores *tutéanse* entre eles, pero tratan de *vos* os pequenos, que tamén se tratan de *vos* entre eles. O que en conxunto nos suxire isto é que a nai catalá se asimilou máis rápido ca a galega, e que o proceso de asimilación lingüística culminou cos fillos benxamíns de cada unha das familias.

5. CASTELÁN, GALEGO E PORTEÑO NAS CARTAS DOS EMIGRANTES

Outros testemuños das prácticas e, indirectamente, do proceso de asimilación lingüística ofrécennolos as cartas dos emigrantes aos seus familiares (Soutelo Vázquez 2001; Núñez Seixas e Soutelo Vázquez 2005). O destas remite, como

é obvio, á lingua escrita, pero o certo é que esta está escasamente elaborada e, en moitos aspectos, é un reflexo directo da fala. O primeiro trazo, o máis característico no plano fonético, son as gueadas e gheadas, que, como vimos, resultaron rechamantes na Arxentina ata tornárense nun auténtico estereotipo ou trazo indexical, un marcador social fortemente caracterizador con función estigmatizante, do que os nosos emigrantes non se daban librado mesmo despois de anos ou mesmo de décadas de residencia na Arxentina. Por pór un par de exemplos das cartas, Manuel González Marzais, que escribe desde Bos Aires, nunha misiva de 1916 pon *consegos*, pero aínda noutra de oito anos máis tarde escribe *page, segido, guntos, bagen, sigio, trabago* (Soutelo Vázquez 2001: 69 e 71); pola súa parte, Eduardo Naveiras, que escribe nun castelán relativamente coidado desde Bos Aires a partir de 1922, aínda usa a forma *aljo* nunha carta redactada en 1932, mentres que, na serie das enviadas por Vicente Naveiras ao seu sobriño Juan desde Montevideo, o fenómeno aparece rexistrado desde a primeira carta, de 1933, ata a última, de 1967: *jordo* ~ ‘gordo’, *guntos* (1933), *godido* (1936), *legos* (1936), *digo* ~ ‘dijo’, *justaría* (1939), *orjulloso* (1950), *encangrenado* (1958), *ajoviados, hojar* (1967). O timbre das vogais átonas é vacilante e, así, lense formas como *rebulucion, conviniente, crearlos* ‘criarlos’, *enmediatamente, escrevir, comonicarnos, envertirlo, utel, condiscindientes, suicidió, vevir...*

De máis a máis, a pronuncia da consoante palatal [y] do castelán debía presentar problemas, a xulgar pola abundancia das grafías *saias, vaia, tuia, aian...* Ao longo desas correspondencias atópanse tamén moitas formas verbais galegas ou que se explican polo galego: *estea, esteades, estenga* (< ‘esteña’), *dean, perdiera* ‘había perdido’, *estuviera* ‘había estado’, *tuvieran* ‘hayan tenido’, *saveras* ‘sabrás’, *podistes...* Tampouco non é raro o uso de vocábulos galegos, como *enprestar* ou *imitas* ‘te parece’, e de cando en cando introdúcense frases en galego: *na casa do ferreiro; «y le dices a Fermina que me garde duas patacas que plantamos na turren-te y les das recuerdos míos y les dices a Venino de cobelo que se non ten moza que lla mando eu desde aquí porque así está mal»* (Núñez Seixas e Soutelo Vázquez 2005: 204). Ademais, aparecen construcións ou expresións galegas como *mas nada* ou *de por parte*.

Por outra banda, a norma do castelán porteño está por debaixo das vacilacións entre o *tuteo* e o *voseo* e do uso case sistemático de *ustedes* por *vosotros*, tamén con vacilacións: «vosotras, tanto tu como ellas, ya son mayores de edad» (un exemplo similar aparece no sainete *Martorell, Magariños & Co*, na boca de Modesto: «¿Que tú y Estrella se quieren?»). O léxico do castelán de Bos Aires empréitase tamén na correspondencia: *los tomara* ‘los cogiera’, *nos agarro por sorpresa* (evitando o vocábulo tabú *coger*), *no alcanza la plata, estean prontos para sanpelayo, la pieza* (‘la habitación’). Por porteñismo ou por vulgarismo, lense construcións como *termino de recibir* ‘acabo de...’, *mas mal, mas bien...*

6. AS ACTITUDES E AS PRÁCTICAS SEGUNDO OS EMIGRANTES. AS ENTREVISTAS

Por razóns obvias, non contamos con testemuños directos, deducidos mediante entrevista a informantes, referidos ao período anterior a 1940. Pero as que lles realizou a finais do século XX a investigadora austríaca Eva Gugenberger (2004a e 2011) a emigrantes de orixe galega residentes en Bos Aires ofrecen elementos que poden botar luz retroactivamente sobre as actitudes que apuxaban a abandonar o galego para adoptar unha interlingua ou, no mellor dos casos, un castelán inzado de galeguismos que podía vacilar entre a norma peninsular e a porteña. Como decontado veremos, este testemuño coincide coas cartas no sentido de confirmar que a linguaxe atribuída aos emigrantes galegos no sainete non carece de fundamento no que debía ser a práctica real destes. Por sinal, a dita investigadora presenta o caso de Marcelina, que tiña 87 anos cando se fixo a entrevista, nacida en Arzúa e chegada á Arxentina en 1937. Marcelina expresa unha actitude moi negativa cara ao seu idioma nativo. Asegura que non lle gusta falar galego e que non se lembra del. Explica o seu abandono da lingua pola sensación de ridículo ante as bromas de que era obxecto cando a utilizaba, nun relato que recorda, pero á inversa, a conversa, que antes reproducimos, de Farruco e Josefa no sainete *Farruco*:

Bueno, sí, acá no lo uso el ghallego porque para la gente se ríe, se ríe de uno si uno habla el ghallego, pero cuando uno está con un paisano no lo puede ocultar, aunque a mí no me gusta hablar ghallego tampoco, porque es medio a la antigua y cuando yo vine de España, que vine a este país, él [*marido?*] no le gustaba donde yo vivía que hablara, decía que tenía que acostumbrarme a hablar el castellano, dice, bueno eso yo lo voy a aprender enseguida entonces, éste, no siendo que sea con los paisanos el ghallego no, no lo uso, no, no lo uso mucho [...].

Segundo a entrevistadora, «no seu modo de falar predomina o castelán peninsular, aínda que ás veces é difícil identificar con claridade a lingua básica». A súa fala correspondería ao que en Galicia era usual denominar *castrapo*. Marcelina móstrase convencida de que non fala ben nin o galego nin o castelán e é consciente do seu estilo mixto, de que leva sesenta anos falando «a mitá gallego a mitá castellano» –como ela mesma asegura– e incluso da súa gheada («yo marco más la jota que la gue»), e non parece querer renunciar a el. Vexamos unha mostra.

[N]aquela época era más linda que ahora, para mí era más linda que ahora. Aquela diversión que había en España, aquellas romerías que no hay más, ahora hay de noche dicen, pero de aquella era por la tarde, era divino, yo a veces me pongho a pensar, digo Dios mío, ver lo que era antes y ahora, ya me dicen «si vas no conocés más, ya no».

Entre outras características nitidamente galegas da súa fala, a investigadora salienta a «frecuente acentuación en la penúltima sílaba de la forma verbal de primera persona plural en imperfecto correspondiente a su variedad regional del gallego (p. ej. *veníámos, quedarámos, erámos*)» e a posición enclítica del pronome átono (*pasáballe, cebabámoslos*).

Como antes sinalamos, para moitos emigrantes como Marcelina non se trataba de ampliar o seu repertorio lingüístico aprendendo e utilizando unha nova variedade, o castelán porteño, senón de reformulalo excluindo o galego. Na mesma liña, outra emigrante, Yolanda, confioulle á investigadora: «O primeiro que me dixo a miña cuñada cando cheguei acá foi “Non fales en galego nin unha

soa palabra! ”». A pregunta, en relación con Marcelina, é se a retención de marcas da «galegitude» lingüística é voluntaria –isto é, responde a un desexo de indexar unha identidade non completamente asimilada á porteña ou arxentina– ou é involuntaria, como se podería pensar a primeira vista, desde a óptica da «teoría do déficit», coa que se relacionan as disputadas nocións de «semilingüismo» e «bilingüismo substractivo» (véxase discusión, a partir do estudo de emigrantes italianos en Bélxica, en Lucchini 2009).

Outro testemuño ilustrativo ofréceno a entrevista de Mauricio, un emigrante que viviu en Bos Aires desde os anos 1930. Mauricio declaraba a esta investigadora que nas reunións, nas festas campestres, entre os migrantes se falaba galego –ou máis ben, nas súas palabras, *galego chapurreado*–, pero cando se ía á cidade se empregaba o castelán. Confesa que era a vergoña pola súa forma de falar a que o apuxaba a tratar de usar o castelán evitando o acento do «dialecto». A vulgar polo seu desempeño lingüístico, no caso de Mauricio –probablemente dotado dun status sociocultural, de orixe ou adquirido, superior ao de Marcelina– o galego vernáculo foi substituído no seu repertorio lingüístico por un castelán máis «correcto», orientado cara á norma peninsular:

M.- [*Con mi mujer*] hablábamos chapurreado, hablábamos de todo, chapurreado sí. *Chapurreado* quiere decir de todo ¿vivo?: castellano, gallego. Sí. Acá más bien nosotros cuando estábamos afuera, aquí en las fiestas y eso, teníamos vergüenza hablar gallego, casi, entonces tirábamos a hablar castellano.

E.- ¿Vergüenza por qué?

M.- No sé, porque nos considerábamos atrasados ¿vivo?... nos considerábamos atrasados, por eso mismo. Era un poco de orgullo, va, en ese caso. Orgullo de ser como la gente de acá o hablar como los de acá. Eso es.

E.- Sí, me han hablado de esas cosas.

M.- ¡Ah, le han hablado! Sí, teníamos ese orgullo de ser como la gente de acá, de alternar, no? Pero entre nosotros hablábamos gallego [...]. Y acá era más usual hablar castellano

porque usted se enfrentaba a la gente de otras condiciones, de otros estilos. Eso es. Y uno de acá no le comprende el gallego, por ejemplo, tiene que hablar castellano, o tenía, va. Eso es. Tratábamos de hablar bien hasta que fuímon aprendiendo, nos costó sacar el acento del dialecto ¿vivo? Cuesta sacar el acento, eso es. Pero después uno se fue perfeccionando, hablando castellano.

Como sinala esta investigadora, a substitución lingüística do galego ao castelán xa se deu na primeira xeración e, en calquera caso, a finais do século XX o castelán era a lingua intragrupal, isto é, a utilizada nas asociacións galegas e dentro da familia, mesmo nos casos de matrimonios cuxos dous membros eran de orixe galega, a pesar de que moitos coñeceran o seu esposo ou esposa nos clubs galegos ou na casa de familiares. Malia que a terceira parte dos inmigrantes entrevistados mantiña aínda unha competencia regular (ás veces boa) en galego, eran raras as familias en que o galego constituía daquela a lingua habitual, e menos a lingua falada cos fillos. Como consecuencia, case todos os membros da segunda xeración eran monolingües en castelán e falaban con todas as características da variedade riopratense. Se estamos no certo, o proceso rexistrado a finais do século XX en relación coa vaga migratoria arribada a Bos Aires no segundo terzo dese século supón unha repetición do acontecido na vaga migratoria que se instalou alá entre 1900 e 1930 (véxase sobre esta Núñez Seixas 2002: 209-221).

7. A XEITO DE BALANCE. LINGUA E IDENTIDADE: O FRACASO DO PROGRAMA GALEGUISTA

Pasemos agora a repasar rapidamente o papel das elites mobilizadas da colectividade emigrante e das asociacións máis activas nos procesos sociolingüísticos que nos ocupan. A dinámica asociativa da comunidade galega no Río da Prata vén de vello (Núñez Seixas 1992: 25-38; 1998: 69-96; 2013: 110-123). Tras a experiencia do primeiro Centro Galego de Bos Aires (1879-1892), en 1907 fundou-

se co mesmo nome a institución que é a referencia inevitable do asociacionismo galego en América. O Centro Galego combinou o seu rol comunitario, funcionando como hospital, mutua e farmacia, cunha notable actividade cultural (Rodino Lalín 2018). Nos anos seguintes constituíronse numerosas sociedades recreativas, benéficas e políticas. A expansión foi de tal envergadura que para 1926 xa funcionaban preto de 150 entidades galegas na urbe porteña, parte delas adheridas á Federación de Sociedades Gallegas (Núñez Seixas 2013: 114; Díaz 2007). Entre 1904 e 1936 foron creadas arredor de 350 entidades asociativas de inmigrantes galegos.

As accións impulsadas polos emigrantes en América favoreceron a transformación socioeconómica e a modernización cultural, social e política de Galicia (Núñez Seixas 1998; Villares 2014: 498-500). Tal é o caso de iniciativas extraordinarias, como a fundación de escolas para a poboación campesiña en Galicia, non as que foron debidas á xenerosidade de mecenas individuais, senón á de modestos emigrantes (Peña Saavedra 1991). Non obstante, o ensino nesas escolas impartíuse, con escasas excepcións, en castelán, precisamente pola razón que antes demos, isto é, a crenza xeral de que aos nenos galegos lles conviña aprender o idioma que ían precisar cando emigrasen a América (Núñez Seixas 1998: 132-135; Vázquez González 2002: 147-149; Monteagudo 2017: 445-450). De igual modo, a lingua oficial e de uso corrente no seo da maior parte destas asociacións foi o castelán, polo menos no que se refire á escrita e particularmente ás súas publicacións. Talvez no uso oral informal e nas xuntanzas e asembleas non fose sempre así, e, con certeza, non era así nos momentos de lecer e nos encontros festivos.

O ideario político, cultural e lingüístico das Irmandades da Fala inspirou nas minorías que se adheriron a el na capital porteña un programa de culturización da colectividade emigrante en sentido galeguista. Tratábase de ampliar os referentes identitarios locais cara a unha identidade galega non só espontánea (étnica), senón tamén consciente, nun esforzo por superar o folclórico e ascender cara ao cultivado; por conseguir, a partir da práctica informal dos dialectos locais que os emigrantes trouxeran a América, polo menos o recoñecemento e, na medida

do posible, o coñecemento do galego culto que os literatos viñan forxando desde os finais do século XIX. Ese programa tiña que confrontar os prexuízos contra o idioma galego e reforzar unha identidade especificamente galega, compatible coas robustas identidades locais, moi arraigadas na maior parte dos emigrantes, e en competencia –inclusiva ou excluín-te, dependendo dos casos– coas identidades española e arxentina.

O arraigamento das identidades locais podía ser unha fortaleza en que apoiarse ou, pola contra, unha fraqueza que superar. Os inmigrantes galegos de primeira xeración esforzáronse por transplantar á Arxentina e cultivar alí unhas identidades cun referente marcadamente local. Proba diso é o elevado número de asociacións galegas, de carácter parroquial, local e comarcal, que durante décadas existiron en Bos Aires (Núñez Seixas 2005: 2013). Entre as súas actividades máis importantes estaba a organización das festas patronais de cada localidade, tentando así repetir os ritos e as celebracións (incluídos os banquetes ao aire libre, con menú típicos) que se realizaban nas súas respectivas freguesías, alá na Galicia territorial.

Talvez o esforzo por recrear en Bos Aires a aldea e comunidade parroquial de orixe retardou a «arxentinización» dos galegos, que foi moito máis serodia que, por exemplo, a dos italianos (Villares 2014: 480). Pero as devanditas identidades locais estaban asociadas nesta primeira xeración a unha fala dialectal, non só porque carecían dun referente culto (Núñez Seixas 2013: 127), pois os emigrantes eran analfabetos no seu propio idioma, senón tamén porque en boa medida a súa fala era sentida por eles como un dialecto do castelán (vimos atrás algún testemuño disto). A mentalidade diglósica, que recluía o galego na comunicación oral informal, estaba profundamente arraigada e, para máis, a lingua de prestixio hexemónica superposta ao galego en España, o castelán, era a mesma lingua de integración na Arxentina (Núñez Seixas 2002: 209-243).

Nese sentido, sería do maior interese pescudar esa produción teatral en galego ou bilingüe que floreceu en Bos Aires nas décadas de 1920 e 1930. Citemos, a modo de ilustración, o subtítulo da notable «comedia dramática» *Ideas novas*, de José Otero, estreada en 1926 e publicada no ano seguinte, e que se di escrita

«en dialecto gallego». Ata onde puidemos comprobar, estes textos, redactados nun galego moi aceptable –máis próximo ao galego real do que a maior parte dos escritos dalgúns dos intelectuais e escritores da época–, tendencialmente supralocal (recorren ao interdialectalismo e evitan os localismos moi marcados), evitan, de maneira significativa, a representación da gheada. As obras de autores como Roxelio Rodríguez Díaz, Fortunato Cruces ou José Otero son merecentes dunha reavaliación desde esta perspectiva. Sexa como for, a Guerra Civil tamén polarizou ao extremo as posicións políticas, de xeito que algúns cultivadores modestos do galego que se aliñaron co bando franquista abandonaron o uso da lingua. En certa medida, estas defecións puideron ser cubertas pola chegada de continxentes de exiliados, pero esa chegada tamén provocou tensións coas elites da colectividades. En calquera caso, dá a impresión de que despois de 1936 ou de 1940 o teatro popular da emigración enmudeceu, talvez a consecuencia da remuda de elites ou do novo clima político-cultural instalado na colectividade galega de Bos Aires na posguerra.

A identidade fortemente localista era compatible cun vago sentimento de identidade galega, pero este tiña un carácter máis ben rexional, isto é, estaba subordinado a un españolismo máis ou menos marcado. «A maioría dos emigrados conformouse, no mellor dos casos, cun rexionalismo parroquial, e, no peor e moi frecuentemente, cunha españolería de centro-sur» (Pérez Prado 1992: 165). No interesantísimo estudo previo á edición do epistolario recollido no volume *As cartas do destino*, os investigadores titulan o capítulo da identidade tal como se expresa nesa correspondencia dun xeito moi suxestivo: «Galegos, españois, rioplatenses... ou sinxelamente de Ferreira?» (Núñez Seixas e Soutelo Vázquez 2005: 156-167). Tratábase dun españolismo moi identificado co castelán, e non necesariamente conservador ou retrógrado, pois tamén estaba arraigado nos sectores de esquerda. Vexamos.

O investigador Hernán Díaz, na súa monografía sobre a historia da Federación de Sociedades Gallegas –unha entidade de carácter inequivocamente progresista–, ofrece unha información que permite ilustrar a nosa afirmación. O voceiro semanal da FSG publicouse ao comezo en castelán, reservando en

principio o galego para as colaboracións de carácter literario, pero paulatinamente este último foi gañando un espazo respectable, de xeito que nos anos trinta era empregado en editoriais e en artigos de diverso tipo. Con todo, a súa presenza non chegou a ser maioritaria nin sequera cando, aos inicios da década dos 1930, os arredistas da Sociedade Nazionalista Pondal se fixeron cargo da súa publicación (Díaz 2007: 72-73).

Asemade, as tentativas de converter o galego no idioma oficial da FSG fracasaron reiteradamente. Por caso, no congreso de 1933 aprobouse unha proposta iniciada pola ORGA de Bos Aires –que estaba integrada na FSG– para que o galego fose adoptado como lingua oficial da entidade, pero a súa efectividade foi escasa (2007: 69). En 1935 volveuse sobre a proposta, mais algúns delegados opuxéronse, argumentando que só unha exigua minoría sabía escribilo e esta esixencia se tornaría nun funil que reservaría para ese grupo o control das publicacións, os manifestos da Federación e a burocracia, de xeito que o seu dominio do galego lle daría as chaves para dirixir a FSG. Ao final decidiuse promover o uso do galego para o ámbito da federación e aconsellalo para o uso familiar (Díaz 2007: 73). Así, cando a campaña do Estatuto, o galego converteuse en idioma dominante do semanario, pero despois do estoupido da guerra o castelán volveuse o idioma único (Díaz 2007: 93). Aínda en 1940, e precisamente co gallo da chegada de Castelao a Bos Aires, o galego era motivo de controversia no voceiro da FSG e algúns polemistas exprésanse en termos de franco desprezo ou rexeitamento cara a el (Díaz 2007: 102-104).

Foi nos anos posteriores ao alzamento militar de Franco e á instauración do seu réxime ditatorial cando a comunidade galega de Bos Aires cobrou cabal relevancia histórica. A súa masiva mobilización en apoio ao Goberno da II República durante a contenda e a continua chegada de exiliados políticos nos anos da guerra e da inmediata posguerra supuxeron un revulsivo político e cultural para aquela, do mesmo xeito que ocorreu en Montevideo e México, pero a unha escala moito maior (Núñez Seixas 1992: 296-306; Díaz 2007: 81-154; Núñez Seixas e Farías 2009). Desta maneira, o programa galeguizador inspirado nas

Irmandades da Fala que se fora deseñando nos núcleos galeguistas da emigración tivo máis ocasións de desenvolverse a partir da Guerra Civil grazas á chegada dun núcleo de exiliados que, polo menos en parte, estaba fortemente motivado nese sentido. A metrópole porteña converteuse na década de 1940 en capital da cultura galega e mesmo da edición de libros na nosa lingua.

Durante as décadas de 1940 e 1950 o máis selecto do mundo político e cultural de Galicia atopábase en Bos Aires e a produción cultural orixinada polo colectivo galego incrementouse en cantidade, variedade e calidade: desde programas de radio en galego e conferencias académicas ata publicacións de libros ou revistas. Foi nesta mesma cidade onde constituíu a súa sede o Consello de Galicia como unha sorte de goberno galego no exilio. Tamén alí tivo lugar en 1956 o Primeiro Congreso da Emigración Galega, fito histórico que reuniu, en palabras de Neira Vilas, «a Galicia territorial e a do desterro; [...] os que tiñan ideas afíns nunha e outra banda do Atlántico» (Neira Vilas 2001: 14; Fernández 2006). Como di Núñez Seixas, durante ese período chegou a crearse unha «esfera pública» especificamente galega na que o galego tiña unha presenza non marxinal.

Pero isto non supuxo un cambio significativo na tendencia cara ao abandono do galego por parte das segundas e terceiras xeracións. Así, nun balance de todos estes esforzos, Eva Gugenberger conclúe que «o movemento intelectual galeguista non logrou cambiar a actitude da masa dos migrantes, nin dos xa residentes en Bos Aires, nin dos que chegaron nos anos cincuenta, fuxidos da miseria da posguerra e marcados polo sistema represivo do franquismo» (2011: 129). O mesmo tecido asociativo articulado polos inmigrantes, que contribuíra decisivamente ao mantemento dunha identidade etnocultural distintiva –aínda que, como antes sinalamos, adoito enmascarada–, a pesar de que creou contextos e oportunidades propicios para o uso da lingua, non foi efectivo á hora de garantir o seu mantemento.

Cales son as causas do fracaso do programa galeguista de mantemento do galego? En realidade, o desafío era enorme e os recursos con que se contaba moi

precarios. En primeiro lugar, o afortalamiento dunha identidade galega que superase o estadio étnico debía competir con dous rivais poderosísimos. Primeiro, co réxime español, empeñado nun proceso de nacionalización autoritaria que implicaba a imposición do castelán, e segundo, co Estado arxentino, que perseguía un empeño parecido, realizado dun xeito menos brutal pero non menos efectivo e que supuña o borrado das linguas e identidades orixinarias das colectividade emigrantes. Neste sentido, nótese que, a pesar de que as actividades culturais foron toleradas polos sucesivos Gobernos arxentinos, durante a década de 1940 a actividade pública máis directamente política do exilio no Río da Prata non puido desenvolverse de maneira aberta en Bos Aires e tivo que realizarse en Montevideo, pois as autoridades da república austral non a toleraban, e mesmo o uso público de linguas distintas ao castelán estivo prohibido durante un tempo.

Lémbrese, a título de ilustración, como Castelao tivo que falar en castelán no multitudinario acto de homenaxe que se lle rendeu o 2 de xullo de 1944 nun céntrico hotel da capital co gallo da publicación de *Sempre en Galiza*, pois, segundo as súas propias palabras, «jamás [rozaría] con [sus] acciones las normas gubernativas de [aquel] país». En calquera caso, a similitude das linguas e o coñecemento previo do castelán co que os emigrantes chegaron contribuíron á rápida asimilación, e esta realizouse, como mostramos, na inmensa maioría das ocasións, a custo da lingua galega.

Por outra banda, a participación dos emigrantes en institucións de alcance supralocal como o Centro Galego ou a FSG distou de ser maioritaria (Núñez Seixas 1998 e 2013: 112), mentres que a elite galeguista mobilizada non conseguiu ser recoñecida pola masa dos emigrantes (Zubillaga 2015). Xa que logo, nas condicións de extrema precariedade en que desenvolveu o seu labor, aquel núcleo galeguista non logrou que un sector significativo de emigrantes transférase ao galego culto a lealdade primaria –intensamente emocional– que mantiña

ao seu *gallego* ou *ghallegho* particular, á fala local, máis ou menos conservada. O «galego» –o galego culto– atinxiu un certo prestixio simbólico, pero reservado para pouco máis que as celebracións rituais, de carácter folclórico ou paralitúrxico, da comunidade (Núñez Seixas 2002: 222-243).

Probablemente non axudou a conseguir unha identificación da masa dos emigrantes galegófonos con aquel galego culto a acusada tendencia dos seus cultivadores cara ao hiperdiferencialismo –por suposto, en Galicia, pero máis aínda en América, asunto este tamén pendente de estudo–, que en moitos casos o convertía nunha xerga dificilmente comprensible para a maioría. Unha tendencia, de resto, correlativa á saturación de tensión simbólica daquel galego opaco e torturado, unha saturación non compensada por unha mínima recarga de habilitación funcional. Pénsese que, a diferenza do que aconteceu con comunidades como a italiana, a xudía ou a eslovena, o primeiro centro de instrución fundado por galegos en que se empregou a lingua do país foi o Instituto Santiago Apóstol, xa na última década do século XX. Pero como ía a colectividade galega tomar unha iniciativa deste tipo, se na propia Galicia practicamente non se impulsou ningún proxecto deste estilo ata a década dos oitenta?

Como xa indicou nun traballo clásico Fredrik Barth (1969), á derradeira o mantemento da identidade étnica depende da preservación das fronteiras do grupo étnico, mentres que os «contidos» desa identidade mudan co paso do tempo. A lingua pode contribuír poderosamente para preservalas, pero non é indispensable. Talvez a colectividade galega en Bos Aires conservou os perfís da súa etnicidade mantendo determinadas redes relacionais asociadas a determinados escenarios e coas súas pautas e ritos de sociabilidade específicos, pero definindo a súa identidade diferencial mediante outros trazos, como o folclore ou a gastronomía. Tamén é verdade que, na medida en que esa identidade étnica persista, a lingua pode volver desempeñar un papel. O tempo dirá.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- BANFI, Cristina (2017): «Heritage languages in Argentina», en Corinne A. Seals / Sheena Shah (eds.), *Heritage Language Policies around the World*, New York, Routledge, 60-78.
- BARRIOS, Graciela / Rita RIVERO (1997): «El proceso de asimilación lingüística en los inmigrantes gallegos residentes en Montevideo», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, Facultad de Humanidades y Ciencias de Educación (Universidad de la República), 45-73.
- BARTH, Fredrik (ed.) (1969): *Ethnic Groups and Boundaries: The Social Organization of Culture Difference*, Oslo, Universitetsforlaget.
- BERTONI, Lilia Ana (2001): *Patriotas, cosmopolitas y nacionalistas: la construcción de la nacionalidad argentina a fines del siglo XIX*, Buenos Aires, Fondo de Cultura Económica.
- DÍAZ, Hernán M. (2007): *Historia de la Federación de Sociedades Gallegas: identidades políticas y prácticas militantes*, Buenos Aires / Santiago de Compostela, Biblos / Fundación Sotelo Blanco.
- DI TULLIO, Ángela (2003): *Políticas lingüísticas e inmigración: el caso argentino*, Buenos Aires, EUDEBA.
- FARIAS, Ruy (ed.) (2007): *Buenos Aires Gallega: inmigración, pasado y presente*, Buenos Aires, Comisión para la Preservación del Patrimonio Cultural de la Ciudad Autónoma de Buenos Aires.
- FERNÁNDEZ SANTIAGO, Marcelino X. (1999): «Consideración social e asociacionismo étnico: os inmigrantes galegos en Arxentina», en Pilar Caglio Vila (ed.), *Galegos en América e americanos en Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 191-215.
- FERNÁNDEZ SANTIAGO, Marcelino X. (2006): «Introducción», en *Primeiro Congreso da Emigración Galega: feito dende o 24 ao 31 de xulio en Buenos Aires*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, VII-XII.
- FONTANELLA DE WEINBERG, María Beatriz (1979): *La asimilación lingüística de los inmigrantes: mantenimiento y cambio de lengua en el sudoeste bonaerense*, Bahía Blanca, Universidad Nacional del Sur.
- FONTANELLA DE WEINBERG, María Beatriz / Mercedes BLANCO DE MARGO / Yolanda HIPPERDINGER / Elizabeth RIGATUSO / Silvia SUARDÍAZ DE ANTOLLINI / Ana VIRKEL DE SANDLER (1991): *Lengua e inmigración: mantenimiento y cambio de lenguas inmigratorias*, Bahía Blanca, Universidad Nacional del Sur.
- FOUGHT, Carmen (2006): *Language and Ethnicity*, Cambridge, Cambridge University Press.
- GILES, Howard / Richard Y. BOURHIS / Donald M. TAYLOR (1977): «Towards a Theory of Language in Ethnic Group Relations», en Howard Giles (ed.), *Language, Ethnicity and Intergroup Relations*, London, Academic Press, 307-348.
- GILES, Howard / Nikolas COUPLAND (1991): *Language: Contexts and Consequences*, Buckingham, Open University Press.
- GUGENBERGER, Eva (2000): «Lengua y emigración: dos factores aceleradores del desplazamiento de la lengua gallega en Buenos Aires», *Iberoamericana: Lateinamerika, Spanien, Portugal*, 24:4, 43-67.
- GUGENBERGER, Eva (2001): «Identidad, conflicto lingüístico y asimilación: observaciones acerca de la lengua gallega en Buenos Aires», en Xosé M. Núñez Seixas (ed.), *La Galicia austral: la inmigración gallega en la Argentina*, Buenos Aires, Biblos, 251-277.
- GUGENBERGER, Eva (2004a): «“A ghallegha que é ben ghallegha é repiela”: el gallego de Buenos Aires entre la gheada y el lunfardo», en Georg Kremnitz / Joachim Born (eds.), *Lenguas, literaturas y sociedad en la Argentina: diálogos sobre la investigación en Argentina, Uruguay y países germanófonos*, Wien, Praesens, 147-166.

- GUGENBERGER, Eva (2004b): «Sprache - Identität - Hybridität: Das Beispiel der Galicier/innen in Galicien und Argentinien», *Grenzgänge*, 22, 110-143.
- GUGENBERGER, Eva (2011): «¿Existe un *cocoliche* gallego? La inmigración gallega y sus implicaciones lingüísticas», en Ángela Di Tullio / Rolf Kailuweit (eds.), *El español rioplatense: lengua, literatura, expresiones culturales*, Madrid / Frankfurt, Iberoamericana / Vervuert, 124-135.
- GUGENBERGER, Eva (2018): *Theorie und Empirie der Migrationslinguistik: mit einer Studie zu den Galiciern und Galicierinnen in Argentinien*, Wien, LIT.
- GUGENBERGER, Eva / Xosé SOTO ANDIÓN (2002): «Aspectos lingüísticos e sociolingüísticos do contacto entre galego e castelán en Bos Aires», *Estudios Migratorios*, 13-14, 247-288.
- GUIDOTTI DE SÁNCHEZ, Marina (2008): «Las obras de teatro: espejo de los estereotipos gallegos en el imaginario argentino», en María Rosa Lojo (dir.), *Los «gallegos» en el imaginario argentino: literatura, sainete, prensa*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 131-269.
- LOJO, María Rosa (dir.) (2008): *Los «gallegos» en el imaginario argentino: literatura, sainete, prensa*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- LOJO, María Rosa (2015): «A excentricidade galega e a nosa Galicia mestiza», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 216, 21-31.
- LUCCHINI, Silvia (2009): «Semilingualism: A Concept to Be Revived for a New Linguistic Policy?», en Bert Cornillie / José Lambert / Pierre Swiggers (dir.): *Linguistic Identities, Language Shift and Language Policy in Europe*, Orbis Supplementa 33, Leuven / Paris / Walpole, Peeters, 61-71.
- MALFATTI, Arnaldo (1928): *Martorell, Magariños & Co, La Escena. Revista teatral*, 499. Reproducido en María Rosa Lojo (dir.) (2008), *Los «gallegos» en el imaginario argentino: literatura, sainete, prensa*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 281-321.
- MONTEAGUDO, Henrique (2017): *Historia social da lingua galega: idioma, sociedade e cultura a través do tempo*, Vigo, Galaxia.
- MONTEAGUDO, Henrique (2019): «Lingua galega e emigración Galicia-Bos Aires», en Isidro Dubert (ed.), *A morte de Galicia*, Vigo, Galaxia, 270-298.
- MONTEAGUDO, Henrique / Facundo REYNA MUNIAIN (2017): «La lengua gallega en Argentina», en Roberto Bein / Juan Eduardo Nonnin / María di Stefano / Daniela Lauria / María Cecilia Pereira (coords.), *Homenaje a Elvira Arnoux: estudios de análisis del discurso, glotopolítica y pedagogía de la lectura y la escritura*, t. II: *Glotopolítica*, Buenos Aires, Editorial de la Facultad de Filosofía y Letras (Universidad de Buenos Aires), 143-165.
- MONTEAGUDO, Henrique / Facundo REYNA MUNIAIN (2020): «Language and migration. The sociolinguistic and glotopolitical dynamics of the Galician community in Buenos Aires from the nineteenth century to the present day», *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, 41:1, 97-107.
- NARVAJA DE ARNOUX, Elvira / Roberto BEIN (eds.) (1997): *Prácticas y representaciones del lenguaje*, Buenos Aires, EUDEBA.
- NEIRA VILAS, Xosé / Xesús ALONSO MONTERO (2001): *A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960* (discurso e resposta lidos en 2001), A Coruña, Real Academia Galega.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada, Edición do Castro.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (1998): *Emigrantes, caciques e indianos: o influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Xerais.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (ed.) (2001): *La Galicia austral: la inmigración gallega en la Argentina*, Buenos Aires, Biblos.

- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2002): *O inmigrante imaxinario: estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Santiago de Compostela, Universidade.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2005): «La récréation de la paroisse : les immigrants galiciens à Buenos Aires (1900-1940)», *Hommes et Migrations*, 1256, 6-24.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2007a): «Un panorama social de la inmigración gallega en Buenos Aires, 1750-1930», en Ruy Farías (ed.), *Buenos Aires Gallega: inmigración, pasado y presente*, Buenos Aires, Comisión para la Preservación del Patrimonio Cultural de la Ciudad Autónoma de Buenos Aires, 25-44.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2007b): «Galicia e Arxentina, Galicia na Arxentina», en Pilar Cagiao Vila / Xosé M. Núñez Seixas, *Os galegos de ultramar*, t. 10 de *A Gran Historia de Galicia*, vol. 2: *Galicia e o Río de la Plata*, A Coruña, La Voz de Galicia, 11-152.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. (2013): «A inmigración galega na Arxentina», en Pilar Cagiao Vila (ed.), *A emigración galega a América do Sur*, A Coruña, Hércules, 65-144.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. / Ruy FARIÁS (2009): «Transtrerrados y emigrados: una interpretación sociopolítica del exilio gallego de 1936», *Arbor*, 185:735, 113-127.
- NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M. / Raúl SOUTELO VÁZQUEZ (2005): *As cartas do destino*, Vigo, Galaxia.
- O'DONNELL CHRISTOFFERSEN, Katherine / Naomi L. SHIN (2018): «“You live in the United States, you speak English,” decían las maestras: How New Mexican Spanish Speakers enact, ascribe and reject ethnic identities», en Reem Bassiouney (ed.), *Identity and Dialect Performance: A Study of Communities and Dialects*, New York, Routledge, 160-178.
- PEÑA SAAVEDRA, Vicente (1991): *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar: la impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, 2 vols., Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- PÉREZ PRADO, Antonio (1992): «Algúns aspectos da presenza galega en Arxentina», en María Xosé Rodríguez Galdo (dir.), *Galicia e América: cinco séculos de historia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Consello da Cultura Galega, 164-167.
- REYNA MUNIAIN, Facundo (2014): «Políticas culturais no exilio galego: Centro Gallego de Buenos Aires, 1940-1960», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 201, 122-127.
- REYNA MUNIAIN, Facundo (2015a): «Lingua, cultura e identidade. Estratexias de aculturación e reculturación na colectividade galega en Buenos Aires», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 206, 38-45.
- REYNA MUNIAIN, Facundo (2015b): «La diáspora e identidade nacional argentina: los jóvenes de las colectividades extranjeras de la uniformidad a la diversidad», en Felipe Aliaga Sáez / Óscar Basulto Gallegos (eds.), *Diálogos sobre juventud en Iberoamérica*, Santiago de Compostela, Universidade, 91-110.
- RODINO LALÍN, Hugo J. (2018): «Un exemplo de galeguismo na diáspora. O Centro Gallego de Buenos Aires, 1879-2018», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 218, 114-121.
- SAMUELLE LAMELA, Cristina (1993): *Conversas con Manuel Meilán*, Vigo, Xerais.
- SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA DA REAL ACADEMIA GALEGA (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, [A Coruña], Real Academia Galega.
- SINNER, Carsten (2016): «O galego como lingua de contacto co castelán riopratense: unha relación esquecida», *Estudos de Lingüística Galega*, 8, 187-204.
- SOTO ANDIÓN, Xosé (2004): «Factores que inciden no proceso de desgaleguización dos inmigrantes galegos en Buenos Aires», *Madrygal*, 7, 103-112.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (2001): *De América para a casa: correspondencia familiar de emigrantes galegos no Brasil, Venezuela e Uruguai (1916-1969)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro (2001): «Factores de empuje y condiciones de transporte de Galicia hacia el Río de la Plata (1850-1930)», en Xosé M. Núñez Seixas (ed.), *La Galicia austral: la inmigración gallega en la Argentina*, Buenos Aires, Biblos, 53-69.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro (2002): «La alfabetización de los emigrantes gallegos a América (1850-1960). Luces y sombras», *Sarmiento*, 6, 131-161 (<https://core.ac.uk/download/pdf/61901821.pdf>) [última consulta: agosto, 2018].
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro (2013): «As vagas da emigración galega a Suramérica. Causas conxuntuais, características dos emigrantes e mecanismos migratorios», en Pilar Cagiao Vila (ed.), *A emigración galega a América do Sur*, A Coruña, Hércules, 37-63.
- VÁZQUEZ VILLANUEVA, Graciana (1997): «Corregir la lengua, corregir la etnia, corregir la nación. La *Restauración Nacionalista* de Ricardo Rojas», *SyC*, 8, 125-138.
- VÁZQUEZ VILLANUEVA, Graciana (2006): «Una política lingüística en el callejón: hacer la nación, unificar la lengua en la Argentina (1890-1900)», *Lenguaje*, 34, 97-123.
- VILLARES, Ramón (2014): *Historia de Galicia*, Vigo, Galaxia.
- VILLARES, Ramón / Marcelino FERNÁNDEZ (1996): *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- WEISBACH, Alberto T. (1921): *Farruco: comedia en tres actos de ambiente gallego*, *La Escena. Revista teatral*, 145.
- WILLIAMS, Glyn (1979): «Language group allegiance and ethnic interaction», en Howard Giles / Bernard Saint-Jacques (eds.), *Language and Ethnic Relations*, Oxford, Pergamon Press, 57-65.
- ZUBILLAGA, Carlos (2015): «Entre inclusión e elitismo. Asociacionismo galego de inmigración», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 206, 32-37.